



TRÁMITE DE CONSULTAS PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

Nome do plan: Modificación puntual nº1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios

Promotor: Concello de Mos

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2018AAE2146

Código web: 2035/2018

O día 17/01/2018 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Climático un escrito do Concello de Mos co que acompaña a documentación completa para iniciar a avaliación ambiental estratéxica ordinaria da *Modificación puntual nº1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios*, segundo esixe o artigo 60.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O órgano ambiental, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, someterá o borrador do plan e o documento inicial estratéxico ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses.
- 3 Esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá.
- 4 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita Secretaría pasou a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de dous meses** o documento inicial estratéxico e o borrador da **“Modificación puntual nº1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios”**.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.



En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se elabore tras o período de consultas farase público na sede electrónica (<http://cmaot.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018